



Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 74119I048B	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/21481/2025 24/11/2025
<i>Código de verificación</i>  1418 2S01 256S 1G0R 0GND	<i>Expediente</i> 741/2025/2439	
	<i>Fecha</i> 24-11-2025	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 74119I0405 de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 18.11.2025, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: DECLARAR CADUCADO o procedemento de declaración de extinción de concesión incoado por resolución de num. RES/AYT/18871/2022 de data 30.08.2022 con número de expediente 741/2022/767.

SEGUNDO: INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 107 , departamento 1º, ringleira 2ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Carmen Cuadrado Álvarez (falecida) e Alfonso Abruñedo Cuadrado polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 20.02.1996.

TERCEIRO: OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.



A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández

Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)